


Val Miñor: O 98% afirma entender galego pero menos dun terzo o utiliza como lingua habitual.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 16 Outubro 2014 03:03



Apenas un 30,33% da poboación do Val Miñor utiliza o galego como lingua habitual aínda que o 98,03% afirma entendelo e o 87,63% o utiliza nalgún ámbito da súa vida. Todos estes datos emanan do censo de poboación e vivendas do INE (2011) e que o Instituto Galego de Estatística [vén de publicar esta semana](#). Gondomar segue a ser o concello con máis galego-falantes habituais da bisbarra co 40,97% da súa poboación maior de 5 anos. Mais dez anos atrás o mesmo estudo sinalaba que a cifra era maior: 55,64%. En Baiona e Nigrán as persoas que afirman utilizar "sempre" o galego non chega nin ao terzo da poboación, 28,47% (29,13% en 2001) e 23,27% (35,66% en 2001) respectivamente.

GRAFICA